



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

AS CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS E OS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

REQUISITOS ACADÉMICOS DE ACCESO



INTRODUCCIÓN

- A globalización dos mercados e o continuo avance da sociedade da información levan consigo a obtención dunha poboación activa cada vez máis capacitada que garanta a correspondencia entre as cualificacións profesionais e as necesidades do mercado de traballo.
- O cambio nos modelos produtivos esixe o fomento da formación ao longo da vida, integrando novas ofertas formativas e instrumentando o recoñecemento e a acreditación das cualificacións profesionais, adecuando deste xeito as competencias profesionais á nova estrutura produtiva.
- Co fin de alcanzar estas metas créase o Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O CATÁLOGO NACIONAL DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS

- O conxunto de todas as cualificacións profesionais forman o Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais. Este catálogo está estruturado en dous eixes, un **horizontal**, organizado en 26 familias profesionais que recollen todas as actividades económicas, e outro eixe **vertical**, organizado por niveis de cualificación, que establece cinco niveis segundo o grao de coñecemento, iniciativa, autonomía e responsabilidade, necesarios para realizar a actividade laboral.
- As competencias profesionais das cualificacións adquiridas mediante a experiencia laboral ou mediante vías non formais de formación poden ser **AVALIADAS** e **ACREDITADAS** dentro dos **tres primeiros niveis de cualificación**.



ACREDITACIÓN DAS CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS

- O Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais está constituído polas cualificacións profesionais identificadas no sistema produtivo e pola formación asociada a estas, que se organiza en módulos formativos articulados no Catálogo Modular de Formación Profesional.
- As cualificacións profesionais acredítanse de dúas formas, a través de títulos expedidos pola Administración educativa, serían os títulos de formación profesional do ensino regulamentado, e a través dos certificados de profesionalidade expedidos pola Administración laboral.




QUE É UN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE?

- É o instrumento que acredita a capacitación dunha persoa para o desenvolvemento dunha actividade laboral. Ten carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

ESTRUTURA DUN CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE

- Un certificado de profesionalidade inclúe no seu perfil unha **calificación profesional completa** do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Cada cualificación profesional componse dunha ou máis **unidades de competencia** (unidade mínima acreditable para obter un certificado de profesionalidade.
- Cada unidade de competencia está formada por un ou máis **módulos formativos** que integran o Catálogo Modular de Formación Profesional.
- Os módulos formativos de máis de 90 horas pódense dividir en **unidades formativas**.

CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE



U.C.: Unidade de competencia

M.F.: Módulo formativo

U.F.: Unidade formativa

VÍAS PARA A OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- Superación de todos os módulos formativos correspondentes ao certificado de profesionalidade.
- Superación dos procedementos de avaliación e acreditación das competencias profesionais adquiridos por experiencia laboral.
- Acumulación e acreditacións parciais das unidades de competencia que comprende o certificado de profesionalidade.

OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

CARACTERÍSTICAS DA FORMACIÓN PROFESIONAL ASOCIADA AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- A formación profesional para o emprego asociada a un certificado de profesionalidade poderá realizarse de forma presencial, a distancia, por teleformación ou mixta (será a norma que regula cada certificado a que estableza a modalidade).
- A oferta formativa dirixida á obtención dos certificados de profesionalidade poderá realizarse pola totalidade dos módulos ou por unha parte destes.
- O certificado de profesionalidade expedirase cando se superen todos os módulos formativos que compoñen este.
- As acreditacións parciais expediranse cando se superen todos os módulos formativos correspondentes a unha ou varias unidades de competencia que compoñen o certificado de profesionalidade.

OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

REQUISITOS DE ACCESO Á FORMACIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

→ Para acceder aos cursos de formación para o emprego, asociados aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3, esíxense uns requisitos formativos mínimos, diferentes en función do nivel dos certificados.

Nota: Para os cursos de formación asociados a certificados de profesionalidade de nivel 1 non é necesario ningún requisito académico previo.

OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS

- As competencias profesionais adquiridas por unha persoa a través da experiencia laboral e a través de vías non formais de formación poderán avaliarse e acreditarse co fin de recoñecer oficialmente esas competencias e validalas pola parte correspondente dun ciclo de formación profesional ou cun certificado de profesionalidade.
- As administracións competentes realizarán a convocatoria pública do procedemento de avaliación e acreditación.

OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN

- **Nacionalidade, cidadanía ou residencia española**
- **Idade mínima**
 - › Unidades de Competencia Nivel I: 18 anos
 - › Unidades de Competencia de Nivel II e III: 20 anos
- **Experiencia laboral e/ou formación relacionada coas competencias que se queren acreditar**
 - › Experiencia laboral
 - U.C. Nivel I: 2 anos cun mínimo de 1200 horas traballadas nos últimos 10 anos.
 - U.C. Nivel II e III: 3 anos cun mínimo de 2000 horas nos últimos 10 anos.
 - › Formación
 - U.C. Nivel I: 200 horas nos últimos 10 anos
 - U.C. Nivel II e III: 300 horas nos últimos 10 anos

U.C.: Unidade de Competencia

OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

XUSTIFICACIÓN DO HISTORIAL PROFESIONAL

→ PARA TRABALLADORES/AS ASALARIADOS/AS

- › Certificación da entidade de afiliación onde conste a empresa, o grupo de cotización e o período de contratación.
- › Contratos de traballo ou certificados de empresa.

→ PARA TRABALLADORES/AS POR CONTA PROPIA OU AUTÓNOMOS

- › Certificación da entidade onde consta de alta.
- › Descrición da actividade desenvolvida e do intervalo de tempo.

→ PARA TRABALLADORES/AS VOLUNTARIOS/AS OU BOLSEIROS/AS


- › Certificación da organización onde se prestou asistencia con período de tempo, número de horas e actividades desenvolvidas.

OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

XUSTIFICACIÓN DO HISTORIAL FORMATIVO

- Para as competencias profesionais adquiridas a través de vías non formais de formación, a xustificación realizarase mediante un documento que acredite que o aspirante posúe formación nas unidades de competencia que se pretende acreditar, no que consten os **contidos** e as **horas de formación**.

PROCEDEMENTO



OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE: A TRAVÉS DA REALIZACIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL PARA O EMPREGO

Fases da instrución do procedemento

Primeira fase: Asesoramento

- O obxectivo do asesoramento será axudar a persoa candidata a autoavaliar a súa competencia, completar o seu historial ou acreditalo.
- O asesoramento será obrigatorio, individual ou colectivo, presencial ou a través de medios telemáticos.
- A persoa asesora emitirá un informe positivo ou negativo sobre a conveniencia de que o/a candidato/a pase á seguinte fase. Este informe non é vinculante, o/a candidato/a pode decidir se accede ou non á fase de avaliación.

Segunda Fase: Proceso de avaliación

- O obxecto da avaliación é comprobar que o candidato demostra a competencia profesional nunha situación de traballo, real ou simulada.
- Na avaliación analizarase o informe emitido polo/a asesor/a e a documentación presentada polo/a candidato/a.
- O resultado da avaliación exprésase nos termos de “demostrada” ou “non demostrada” e informarase o/a candidato/a do seu resultado.

Terceira Fase: Acreditación da competencia profesional

- Ás persoas candidatas que superen o proceso de avaliación expediráselles unha acreditación de cada unha das unidades de competencia que superasen. Cando o/a candidato/a complete os requisitos para a obtención dun certificado de profesionalidade, a Administración competente indicarlle os trámites necesarios para a súa obtención.



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA



CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE GALICIA

REQUISITOS ACADÉMICOS DE ACCESO Á FORMACIÓN PARA A OBTENCIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

REQUISITOS DE ACCESO Á FORMACIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE

- Para acceder aos cursos de formación para o emprego, asociados aos certificados de profesionalidade de Nivel 1 e 2, esíxense uns requisitos formativos mínimos, diferentes en función do nivel dos certificados:

REQUISITOS DE ACCESO



Nota: Para os cursos de formación asociados a certificados de profesionalidade de **Nivel 1 non é necesario ningún requisito académico previo.**

REQUISITOS MÍNIMOS PARA ACCEDER AOS CURSOS DE FORMACIÓN ASOCIADOS AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2

- Graduado en Educación Secundaria Obligatoria establecida pola Lei orgánica de educación (LOE).
- Graduado en Educación Secundaria establecida pola LOGSE.
- Segundo curso de Bacharelato Universal Polivalente (BUP) con máximo de dúas materias pendentes entre os dous cursos.
- Segundo curso do primeiro ciclo experimental da Reforma das Ensinanzas Medias (REM).
- Técnico (ciclo formativo de grao medio).
- Técnico auxiliar (FP1).
- Técnico deportivo.
- Técnico de artes plásticas e deseño.
- Título de oficialía industrial.
- Técnico militar.
- Tres cursos comúns do Plan de 1963 (de artes aplicadas e oficios artísticos).
- Tres cursos comúns do Plan experimental de 1984 (artes aplicadas e oficios artísticos).
- Ter superado as probas correspondentes que organice a Administración, específicas para competencias clave de Nivel 2.
- Ter un certificado de profesionalidade do mesmo Nivel 2.
- Ter un certificado de profesionalidade de Nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- Ter superado as correspondentes probas de acceso regulamentadas para o acceso ao ciclo formativo de grao medio.
- Ter superado unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 ou 45 anos.

** O GRADUADO ESCOLAR, É DICIR O CICLO DE EXB SUPERADO, NON É CONDICIÓN SUFICIENTE PARA ACCEDER A UN CERTIFICADO DE NIVEL 2.

NIVEL MÍNIMO DE COÑECEMENTO E ACREDITACIÓN DA LINGUA GALEGA PARA ACCEDER AOS CURSOS DE FORMACIÓN ASOCIADOS A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE NIVEL 2

- Certificado de lingua galega 2 (Celga 2).
- Título de graduado escolar, sempre que se estudase todo o ciclo de EXB ou de educación primaria en Galicia e se cursase de xeito oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos devanditos ciclos.
- Certificado do curso de nivel medio de lingua e cultura galega para estranxeiros, impartido polas universidades de Galicia, ata a entrada en vigor da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos de niveis de coñecemento de lingua galega (Celga).
- Certificado do nivel medio dos estudos de galego da UNED ata a entrada en vigor da Orde do 16 de xullo de 2007.
- Certificado de ter cursado e aprobado as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego do ciclo e ESO nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación prevista no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, suscrito entre ambas as dúas comunidades.
- Proba de acceso superada dos ciclos de grao medio, sempre e cando se realizase en Galicia e se inclúe de xeito oficial a materia de lingua galega nas devanditas probas.

** O GRADUADO ESCOLAR, É DICIR O CICLO DE EXB SUPERADO, NON É CONDICIÓN SUFICIENTE PARA ACCEDER A UN CERTIFICADO DE NIVEL 2.

REQUISITOS ACADÉMICOS MÍNIMOS PARA ACCEDER AOS CURSOS DE FORMACIÓN ASOCIADOS A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 3

- Bacharelato LOE.
- Bacharelato LOGSE.
- COU.
- PREU.
- Segundo curso de bacharelato experimental de Reforma de Ensinanzas Medias (REM).
- Técnico superior (ciclo formativo de grao superior).
- Técnico especialista (FP2).
- Título de perito mercantil.
- Bacharelato superior do Plan de 1963.
- Técnico superior de artes plásticas e deseño (segundo a especialidade cursada).
- Técnico deportivo superior (segundo modalidade).
- Titulado en mestría industrial.
- Graduado en cerámica e artes plásticas.
- Ter un certificado de profesionalidade do mesmo Nivel 3.
- Ter un certificado de profesionalidade de Nivel 2 da mesma familia e área profesional.
- Ter superado as probas correspondentes, que organice a Administración, específicas para as competencias clave de Nivel 3.
- Ter superado unha proba de acceso á universidade para maiores de 25 ou 45 anos.
- Posuír o título de técnico de grao medio e ter superado un curso de formación específico para o acceso a ciclos de grao superior en centros públicos ou privados autorizados pola Administración educativa.
- Ter superado a proba de acceso a ciclos formativos de grao superior. Neste suposto requiriríase ter dezanove anos cumpridos no ano de realización da proba ou dezaioito se se acredita estar en posesión dun título de grao medio.

NIVEL MÍNIMO DE LINGUA GALEGA PARA ACCEDER AOS CURSOS DE FORMACIÓN ASOCIADOS A CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 3

- Certificado de lingua galega 3 (Celga 3).
- Certificado de aptitude dos cursos de iniciación de lingua galega (segundo a Orde do 1 de abril de 2005).
- Título do ciclo da ESO ou técnico auxiliar FP1, sempre que se estudase en Galicia na súa totalidade e se cursase de xeito oficial a materia de lingua galega en todos os cursos dos ditos estudos.
- Certificado do ciclo inicial de galego expedido polas escolas oficiais de idiomas.
- Certificado de cursar e aprobar as materias de ciencias sociais e as materias optativas de galego do ciclo da ESO e no bacharelato, nos centros do Bierzo e Sanabria acollidos ao programa de formación prevista no convenio para a promoción do idioma galego nos territorios limítrofes das comunidades autónomas de Galicia e Castela e León, subscrito entre ambas as dúas comunidades.
- Proba de acceso superada dos ciclos de grao medio, sempre e cando se realizase en Galicia e se incluíse de xeito oficial a materia de lingua galega nas devanditas probas.

COMPETENCIAS CLAVE (requisitos formativos ou profesionais)

- Se o usuario non dispón das titulacións requiridas para acceder aos cursos de formación para o emprego asociados aos certificados de profesionalidade de Nivel 2 ou 3 deberá:
 - › Superar unha proba de avaliación de competencias clave.
 - › Realizar cursos de formación en competencias clave.
- As competencias clave en Galicia son sete e cada certificado de profesionalidade esixirá unhas competencias clave determinadas.
- Cada competencia clave contén dous niveis de dificultade en función de se se corresponde cun certificado de Nivel 2 ou de Nivel 3.

Nota: O Real decreto 1675/2010, do 10 de decembro, que modifica o Real decreto 34/2008, do 18 de xaneiro, que regula os certificados de profesionalidade substitúe o concepto de competencias clave por “**requisitos formativos ou profesionais**”, desaparecendo así as competencias clave.

RELACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE EN GALICIA

- Comunicación en lingua galega.
- Comunicación en lingua castelá.
- Comunicación en linguas estranxeiras.
- Competencia matemática.
- Competencia en ciencia.
- Competencia en tecnoloxía.
- Competencia dixital.

Exemplo: o certificado de profesionalidade de actividades físico-deportivas e recreativas de nivel 2, esixe as competencias clave de lingua castelá, galega e matemáticas de nivel 1.

AVALIACIÓN DE COMPETENCIAS CLAVE

- A Administración autonómica convocará unha proba anual por competencia clave e nivel.
- As persoas que participen nas probas de avaliación obterán un documento acreditativo que certifique o resultado obtido.
- Esta acreditación terá validez en todo o territorio estatal e posibilita o acceso aos módulos formativos que requiran esa competencia clave.

FORMACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE

- A formación en competencias clave ten como **finalidade** proporcionar coñecementos básicos, que posibiliten o acceso ao curso asociado a un certificado de profesionalidade determinado, a aquelas persoas que non acrediten a posesión das titulacións académicas necesarias para o acceso directo ou non teñan superadas as probas de avaliación en competencias clave.
- Estas accións formativas en competencias clave serán programadas pola Administración autonómica en función das necesidades detectadas.
- A formación en competencias clave poderá impartirse separada da formación do certificado ou do módulo formativo ou unida a ela.
- En caso de impartirse de forma unida ao módulo formativo que dá acceso ao certificado de profesionalidade, deberá impartirse de forma previa ao inicio do curso.